

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 13/06/2018 9:37:47

SAIDA 8162/18

Sr. Presidente da Federación Galega de  
Municipios e Provincias (FEGAMP)  
Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central  
15707 - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
[correo@fegamp.gal](mailto:correo@fegamp.gal)

Expediente: I.4.Q/5630/18

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Sr. presidente:

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED] trasladando unha problemática de carácter xeral, que podería afectar a varios Concellos da nosa comunidade así como as Deputacións Provinciais, relativa a existencia de lombos ou resaltes nas rúas de acceso aos centros hospitalarios, que xeran consecuencias prexudiciais aos enfermos que son trasladados en transporte sanitario urxente.

Para unha mellor comprensión da cuestión, trasladámoslle de xeito literal o contido da reclamación recibida.

*"Soy un trasplantado renal en dos ocasiones, con motivo de una mala experiencia en un resalto al desestabilizarme cuanto era trasladado de emergencia a las urgencias hospitalarias, además de mis viajes durante años a diálisis pasando por estos elementos llamados de calmado del tráfico que suponían una tortura insoportable en mis regresos al domicilio después de pasar cuatro horas enganchado a una máquina, a esto hay que añadir el riesgo de sangrado en la zona de punción. Por estos motivos al recibir mi segundo trasplante es por lo que decidí realizar un estudio de como repercuten estos elementos en las urgencias en general y en las sanitarias en particular. Un año y unos meses después lo publique con el título: "La Repercusión de los Resaltos en las Emergencias Sanitarias" que completé con lo que sería la segunda parte del trabajo con la grabación de un vídeo donde se ve lo que sucede en el habitáculo de una ambulancia en un servicio de emergencia en cada paso por un resalto, en el un profesional sanitario nos va explicando que sucede y que repercusiones tiene para el paciente cada paso por uno de estos elementos.*

*En cada resalto una ambulancia pierde unos 10 segundos, en una persona infartada esa pérdida de tiempo en cada elemento puede significar que o bien la asistencia no llegue a tiempo de salvar su vida o que llegue demasiado tarde a las urgencias hospitalarias.*

*Con este estudio pretendo que se debata y se visibilice lo grave que pueden ser los resaltos en las emergencias en general y en las sanitarias en particular. Los resaltos pueden poner en riesgo la salud e incluso la vida del paciente trasladado de urgencia dependiendo de su patología, además de atentar contra la salud de los profesionales de las emergencias. La seguridad vial y la salud pública deben ir de la mano y no se pueden superponer la una a la otra, "DEJARÍA DE SER SEGURIDAD VIAL."*

*Son varios los medios de comunicación que han publicado el estudio o noticias relacionadas con él, la última la revista Autofácil de octubre que publica un amplio reportaje.*

*Espero que sea de su interés y sirva para debatir estos elementos que en mi opinión suponen riesgo incluso para el peatón en caso de accidente. Alternativas existen como mínimo igual de eficientes y no ponen en riesgo a las emergencias."*

A Valedora admitiu a trámite esta queixa, e foi solicitado informe á Consellería de Sanidade, que remitiu o seguinte oficio:

*"Recibida a información previa da Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, infórmolle o seguinte:*

*A finalidade da instalación dos lombos ou resaltes nas distintas rúas das cidades, é singularmente, nas travesías, é a de reducir a velocidade dos vehículos que utilizan as mesmas para previr os alcances entre os mesmos e os peóns.*

*A Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 entende que existencia dos lombos pode resultar prexudicial para o traslado de pacientes nos vehículos ambulancia, xa que a existencia dos mesmos pode afectar da seguinte maneira:*

*1) En certas patoloxías (pacientes politraumatizados, pacientes neurocirúrxicos, lesionados medulares) pode existir unha desestabilización e incluso agravarse a patoloxía se se ven sometidos, no seu traslado, a situacións de aceleración ou desaceleración constantes, pola influencia que estes movementos teñen sobre a tensión arterial, a presión intracraneal, etc..., ademais da influencia mecánica directa que provocan sobre determinadas lesións.*

*2) Atrasan a asistencia sanitaria en situacións de emerxencia (dende que se alerta á ambulancia ata o momento da asistencia sanitaria). Nestas situacións o tempo de asistencia é un factor fundamental e incluso vital en determinadas patoloxías.*

*3) A existencia dos lombos non garante as condicións mínimas de confort que precisan as patoloxías das persoas que son trasladadas, tal e como recomendan todas as sociedades científicas.*

*Así mesmo, a existencia dos lombos ten incidencia ou repercusión no persoal sanitario que diariamente realiza os traslados de pacientes, sen esquecer as repercusións mecánicas nos propios vehículos.*

*Por elo unha suxestión importante sería a de trasladar aos concellos a necesidade de retirar os lombos nas vías de acceso directo aos hospitais."*

Á vista desta información, consideramos relevante iniciar unha investigación de oficio que permita avaliar a situación actual da problemática aquí formulada. Por tal motivo, solicitamos a colaboración institucional desa Federación, co fin de que se analice no seo da mesma o contido do informe da Consellería de Sanidade, coa implicación dos concellos que poderían verse afectados por usarse como vía de acceso a un centro hospitalario do Servizo Galego de Saúde, unha estrada de titularidade local. Igualmente, sería necesario a implicación das Deputacións provinciais para realizar a mesma valoración naqueles casos no que acceso a tales centros se produza a través dunha estrada de titularidade provincial.

Polo exposto anteriormente se inicia a correspondente investigación sumaria e informal para tratar de adoptar unha posición ante a cuestión suscitada, e que afecta a diversas administracións locais e provinciais da Comunidade Autónoma galega. En concreto solicitamos da FEGAMP que a súa colaboración, no ámbito das súas competencias, sobre as medidas que poderían adoptarse para paliar as consecuencias prexudiciais derivadas da colocación de resaltes ou lombos nas estradas de acceso aos centros hospitalarios do SERGAS.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

*Milagros Otero*  
Milagros María Otero Par  
Valedora do Pobo

